

# BOP

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

Boletín Nº 160. Jueves, 14 de julio de 2005

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [CAMBRE](#)

ANUNCIO Pág. 8838 Reg. 8815-0.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

*Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espaxemento e/ou recreativas sometidas a licenza*

A Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 31 de marzo de 2005, aprobou, con carácter inicial, a modificación do capítulo IV, título VI, da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión de ruídos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espaxemento e/ou recreativas sometidas a licenza, capítulo relativo ás "Condições esixibles aos establecementos públicos nos que se exerzan actividades de espaxemento e/ou recreativas".

Exposta ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada.

A teor do previsto no artigo 70.2 da citada lei, e artigo 196.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, publícase integramente o devandito texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

Por se tratar dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberase presentar ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS PERTURBADORES E DO EXERCICIO DAS ACTIVIDADES DE ESPAREXEMENTO E/OU RECREATIVAS SOMETIDAS A LICENZA**

Por medio do presente acordo modifícase o contido do capítulo 4 do título VI da referida ordenanza, que queda coa seguinte redacción:

## CAPÍTULO 4. CONDICIÓNS ESIXÍBEIS AOS ESTABELECIMENTOS PÚBLICOS NOS QUE SE EXERZAN ACTIVIDADES DE ESPAREXEMENTO E/OU RECREATIVAS

### **Artigo 59. Condicións mínimas que deben reunir os locais.**

#### 1.- Alturas:

Sen prexuízo do cumprimento doutras normas e ordenanzas que sexan de aplicación, nos locais que de forma xenérica poidan catalogarse de pública concorrencia, a altura mínima libre acabada, incluídas decoracións que sirvan de complemento, serán de douscentos oitenta (280) centímetros. Admitiranse instalacións e decoracións cuxa altura libre non sexa inferior a douscentos cincuenta (250) centímetros, sempre que se respecte un volume mínimo de 4 m<sup>3</sup> por persoa, e se xustifique o seguinte:

a) que se adoptaron as medidas correctoras complementarias necesarias nas devanditas zonas e no resto do local, de forma que as súas características acústicas cumpran cos parámetros establecidos nesta ordenanza, xustificando mediante estudo acústico que a redución de altura non produce ningún efecto adicional indesexábel, como reverberacións, ecos, etc.

b) que a redución de altura non suporá unha mingua das condicións correspondentes á ventilación do local en función da súa ocupación, determinada esta pola norma NBE-CPI-96, e de conformidade coa UNE 100011:1991 e o seu desenvolvemento.

Nas zonas complementarias, considerando estas as que non estean destinadas a uso público permanente, tales como instalacións ou espazos relacionados coa actividade principal, cociñas, obradoiros, almacéns, aseos, oficinas, etc., a altura mínima libre acabada, incluídas decoracións, poderá ser de douscentos trinta (230) centímetros. Neste caso xustificaranse as condicións acústicas e de ventilación expostas nos apartados a) e b) do parágrafo anterior, sempre que estas afecten negativamente ao conxunto do local.

#### 2.- Ademais deberán cumprir as seguintes condicións os locais que teñan varias plantas:

2.1. Cando a actividade se desenvolve en varias plantas, a principal deberá reunir as condicións fixadas no apartado 1.

2.2. A superficie das plantas complementarias terá polo menos, un quince por cento (15%) de contacto, en proxección vertical, coa planta que soporte a actividade principal.

2.3. Para que un soto poida ser utilizado como complementario dunha actividade principal, ademais de cumprir os requisitos en materia de seguridade e condicións hixiénico-sanitarias, deberá acreditarse que non se trata dun cambio de uso na súa anterior utilización como garaxe-aparcadoiro.

2.4. O soto e/ou planta primeira, quedarán vinculados fisicamente á planta baixa, non podendo accederse a estes dende os elementos comúns do inmovible.

#### 3.- Superficies mínimas esixíbeis.

A superficie mínima útil dos establecementos medida en planta baixa, sen computar entresollado (se o houbese) será de:

3.1. Grupo I: Cincuenta (50) metros cadrados.

3.2. Grupo II: Oitenta (80) metros cadrados.

3.3. Grupo III: Cento cincuenta (150) metros cadrados.

3.4. Grupo IV: Douscentos cincuenta (250) metros cadrados.

3.5. Grupo V: Cen (100) metros cadrados.

4.- En todos os casos a relación entre a lonxitude da fachada e a superficie total útil do establecemento en planta baixa será como mínimo a dun (1) metro lineal de fachada por cada vinte e cinco (25) metros cadrados da devandita superficie.

5.- Como mínimo serán esixíbeis para todas as actividades comprendidas nos grupos II ao V, incluídas, as seguintes condicións:

5.1. Chan Flotante.

5.2. Teito illante suspendido ou acabado que cumpra o obxectivo acústico que se pretende.

5.3. Cerramentos dobres.

5.4. Portas acústicas.

5.5. Dobre porta.

5.6. Ausencia de fiestras practicábeis e ocos ao exterior.

5.7. Aire acondicionado.

5.8. Sonómetro.

6.- O vertido de aire, tanto para aire acondicionado como para ventilación forzada realizarase preferentemente a cuberta. No caso de xustificar imposibilidade construtiva, poderase realizar a patios interiores (cuxas dimensións sexan cando menos de 1 m<sup>2</sup> de patio por cada 20 m<sup>3</sup> de local) ou mediante conduto cuxo punto de vertido se atope cando menos a 3,5 m de altura e non provoque correntes de aire en aberturas de terceiros nin peóns. Esta altura poderase ver reducida sempre que se xustifique que as saídas de caudal cumpren o seguinte:

6.1. dispor dun filtro de alta eficacia ou dispositivo similar, que reduza substancialmente os fumes e olores.

6.2. dispor dun dispositivo que reduza a temperatura dos caudais evacuados a un valor comprendido entre 20 e 25°C.

6.3. dispor de reixas de saída con lamas, cuxa sección sexa tal que a velocidade do caudal de aire extraído non sexa superior a 2 m/seg.

6.4. que produza un nivel de ruído non superior a 30 dB (A) na abertura da vivenda máis próxima.

6.5. No caso de obter resultados de grandes seccións de saída de aire, por dar cumprimento aos dous apartados anteriores, a evacuación poderase efectuar por condutos fraccionados cuxa suma de caudais sexa equivalente ao caudal total.

En calquera caso, con independencia da altura das evacuacións, disporá de depuración efectiva previa, e deberá xustificar mediante cálculo a sección das reixas (con lamas antichuvia se fose necesario) e do conduto de saída de aire ao exterior, de tal forma que as condicións de ruído do aire extraído non exceda o valor establecido no punto 6.4.

7.- O vertido de fumes procedentes de cociñas ou similares realizarase a través de chemineas con revestimento que asegure unha temperatura superficial que non supere en máis de 5°C a do ambiente e con punto de vertido que exceda nun metro calquera cumieira, tellado, muro, obstáculo ou estrutura que diste menos de 10 metros e excederá calquera abertura de edificación que se poida encontrar nun radio de 50 m tendo en conta a altura admisíbel segundo normas ou ordenanzas.

O illamento será tal que o tiro non sexa inferior a 0,35 mmca/m nas peores condicións do verán.

Se se xustificase a imposibilidade de canalizar os fumes a cuberta por impedimentos construtivos, poderán verterse os devanditos fumes a fachada sempre e cando se achegue solución técnica mediante un equipo homologado depurador de fumes de alta eficacia, ou outra medida que se demostre efectiva; o punto de vertido cumprirá as condicións expostas nos apartados 1, 6.1, 6.2, 6.3, 6.4 e 6.5 deste artigo.

8.- Os accesos dos locais públicos serán independentes dos de vivenda, agás a do propio titular da actividade no caso de estar na mesma planta que o local.

9.- A superficie mínima interior libre para a estancia de público non será inferior a 10 m<sup>2</sup> nos locais comerciais.

10.- Os corredores e escaleiras públicos terán unha anchura non inferior a 1 metro.

11.- Prohíbese expresamente ocupar o exterior do local e en especial a beirarrúa da vía pública, sen autorización municipal expresa e específica para iso, e nas condicións que dispoña o Concello para estes efectos.

12.- As vitrinas, escaparates e expositores permanentes non poderán disporse fóra do local sobre a vía pública.

13.- Os toldos, letreiros, anuncios e elementos de decoración exterior deberán ser autorizados expresamente logo da definición das súas características na que se xustificará que a altura libre non sexa inferior a 2,2 m nin invadan a calzada de circulación de vehículos, e serán adecuados esteticamente ao contorno.

14.- As portas que abran cara a fóra non invadirán a rúa en ningún caso, debendo dispor de vestíbulo ou similar necesario para iso.

15.- No caso de que a normativa específica non dispoña unha dotación superior:

Existirán aseos con ventilación forzada cara ao exterior provista de filtros antiolor de eficacia contrastada se o vertido é a fachada, ou ben mediante shunt directamente a cuberta; estarán dotados de lavabo, retrete e accesorios, e dispostos de tal forma que se impida a visión directa destes dende o interior do local, mediante a construción de tabique para o efecto.

A dotación mínima será:

\* Ata 100 m<sup>2</sup> de local: un aseo para mulleres e outro para homes.

\* Para máis de 100 m<sup>2</sup>: un aseo máis para cada sexo por cada 150 m<sup>2</sup> ou fracción que exceda de 120 m<sup>2</sup>.

Os lavabos poderán ser comúns a todos os aseos.

16.- É obrigatorio instalar nas patas das cadeiras, mesas e mobles, elementos que eviten ruídos provocados polo arrastre destes.

### **Artigo 60. Niveis de illamento acústico.**

Ás actividades de ocio cuxo horario poida ser nocturno, seranlles esixíbeis os seguintes niveis mínimos de illamento acústico respecto dos locais destinados a uso residencial:

Grupo I.- 60 dB (A).

Grupo II.- 65 dB (A).

Grupo III e V.- 70 dB (A).

Grupo IV.- 75 dB (A).

En calquera actividade, os valores de illamento proxectado e medido para as diversas bandas de frecuencia, serán tales que en ningunha banda se superen os límites de recepción de ruído fixados nesta ordenanza.

O suxeito pasivo da obriga de conseguir o illamento ata os mínimos sinalados na presente ordenanza, é o titular do establecemento no que se atope o foco emisor do ruído.

### **Artigo 61. Tratamento acústico dos locais.**

1.- En relación co indicado no artigo anterior, será obrigatorio o tratamento acústico de paredes, chans e teitos co fin de garantir os illamentos mínimos requiridos de acordo co establecido no artigo 67 desta ordenanza.

2.- Tanto nos expedientes de concesión de novas licenzas como nos casos nos que se requirise a realización de obras ou adaptacións no local co fin de axustar o exercicio da actividade aos límites previstos na presente ordenanza, o titular da actividade virá obrigado a entregarlles aos servizos técnicos municipais o seguinte:

2.1. Certificado de final de obra que acreditará que os materiais proxectados foron efectivamente instalados.

2.2. Informe e certificado das medicións do illamento acústico conseguido, expedido por empresa ou entidade homologadas pola Consellería de Medio Ambiente.

### **Artigo 62. Dobre Porta.**

1.- Co fin de evitar a transmisión sonora directamente ao exterior, en todos os establecementos incluídos nos Grupos II, III e IV desta ordenanza, será obligatoria a instalación de dúas portas con peche automático constituíndo un vestíbulo, cortaventos e ruídos, de dimensións e características axustadas aos vestíbulos antes definidos na NBE-CPI-96, con dimensións mínimas de 1,5 m de longo por un metro de ancho.

Esta dobre porta será obligatoria tamén nas actividades comprendidas no Grupo V, como medida de discreción.

2.- Estas portas deberán permanecer constantemente pechadas, salvo para a entrada e saída de persoas, a partir das 22 horas.

### **Artigo 63. Instalación de aparatos de control (Sonómetros).**

1.- Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta ordenanza, establécese para todas as actividades de nova instalación e clasificadas dentro dos Grupos II, III, IV e V a obrigatoriedade de instalar aparatos de control permanente da emisión fónica, que incluso provoquen a interrupción da emisión cando supere os límites establecidos. Os gastos que se ocasionen pola realización desta instalación, incluído o custo do aparato, correrán por conta dos titulares da actividade.

2.- O dispositivo de control (sonómetro ou caixa negra) deberá ter as seguintes prestacións:

2.1. Rexistrar e almacenar o período de funcionamento ruidoso da actividade en cuestión, rexistrando data e hora de inicio e terminación cos seus correspondentes niveis de inmisión de ruídos.

2.2. Conservar a información do apartado anterior durante polo menos 12 meses, para permitir unha inspección a posteriori.

2.3. Dispor dun sistema que lles permita aos servizos técnicos municipais rescatar,

de forma directa, a información almacenada para a súa posterior análise e avaliación, permitindo a impresión desta. Todas estas operacións non serán destrutivas dos datos existentes no dispositivo, nin existirá posibilidade de manipulación destes mediante o sistema informático.

2.4. Así mesmo deberá dispor dun dispositivo de protección sobre posíbeis manipulacións da caixa negra, realizándose mediante chaves electrónicas ou claves de acceso.

2.5. Para as actividades que dispoñan de equipos musicais ou de megafonía, ademais do sonómetro (caixa negra) deberán incorporar un equipo limitador que manteña a emisión do equipo musical dentro dos niveis fixados pola ordenanza para o tipo de actividade que lle corresponde á súa licenza de apertura.

2.6. O aparato deberá rexistrar os períodos de inactividade, diferenciándoos dos de desconexión deste.

3.- Os dispositivos de control (sonómetro ou caixa negra) que teñan que instalarse nos citados establecementos terán que ser do tipo dos homologados polo Ministerio de Ciencia y Tecnología.

4.- O elemento sensor do sonómetro deberá ir instalado en lugar visíbel dende a entrada do local, e como mínimo a 1,5 m de calquera das fontes sonoras de que dispoña este (altosfalantes), sempre que tecnicamente sexa posíbel.

#### **Artigo 64. Niveis máximos inmisión en actividades comprendidas nos distintos grupos.**

1.- Atendendo á súa clasificación establécense, con carácter xeral, os seguintes niveis máximos de ruídos en actividades comprendidas nos seguintes grupos:

1.1. Actividades comprendidas no GRUPO I: terán niveis de ruído inferiores a 80 dB (A).

1.2. Actividades comprendidas no GRUPO II e V: funcionarán con niveis máximos de 85 dB (A).

1.3. Actividades comprendidas no GRUPO III: non poderán exceder os 90 dB (A).

1.4. Actividades comprendidas no GRUPO IV: poden ter niveis de emisión de 100 dB (A) sen superalos, sempre e cando no acceso ao local se coloque o seguinte aviso perfectamente visíbel: "A EXPOSICIÓN PROLONGADA AOS NIVEIS SONOROS DO INTERIOR PODE PRODUCIR LESIÓNS PERMANENTES NO OÍDO"; no caso contrario non poderá superar niveis sonoros máximos de 90 dB (A).

2.- O parámetro sonoro que fixará estas limitacións será o  $L_{pAeq}$ .

3.- No suposto de que un establecemento estea encadrado en dous grupos, aplicaráselle a normativa máis restritiva.

4.- A superación dos niveis sonoros indicados neste artigo, será constitutivo de infracción.

#### **Artigo 65. Efectos acumulativos.**

Naqueles casos nos que nun mesmo edificio, na mesma rúa, ou na mesma zona coexistan simultaneamente varias actividades produtoras de ruído, sexa cal sexa a súa natureza, comprobarase tecnicamente se iso dá lugar a efectos acumulativos. Se como resultado desa comprobación se deducise que o conxunto das fontes sonoras superan os límites establecidos nos artigos 10 e 11 da presente ordenanza, o Concello ordenará que cada unha delas reduza o nivel xeral de emisión de ruídos transmitidos polas súas instalacións ata que o seu conxunto se axuste aos límites que fixa a ordenanza.

## **Artigo 66. Distancias.**

1.- A partir da promulgación da presente ordenanza, a concesión de licenzas de apertura para o exercicio das actividades de nova implantación estará condicionada polas distancias mínimas que se contemplan a continuación:

1.1. Para os locais de Grupo I non se fixan distancias mínimas, porén os locais onde se instalen este tipo de actividades deberán cumprir os seguintes requisitos, podéndose no caso contrario denegar a licenza:

a) non poderán ter elementos medianeiros comúns entre si, nin con calquera dos locais dos Grupos II, III, IV e V regulados por esta ordenanza.

b) se o local está situado a menos de 25 metros de calquera outra actividade catalogada dentro dos grupos que recolle esta ordenanza ou calquera outra clasificada como molesta por rúidos e vibracións, e coa finalidade de evitar efectos acumulativos, o técnico competente redactor do proxecto de actividade deberá xustificar mediante cálculo acústico, que o conxunto das actividades comprendidas dentro do límite desta distancia (25 m) non superan os niveis máximos establecidos nos artigos 10 e 11 da presente ordenanza.

1.2. Entre os locais dos Grupos II, III e IV establecerase unha distancia mínima de 25 m.

1.3. Nos locais de Grupo V a limitación fíxase nunha soa actividade por rúa, sempre que a equidistancia con outra do mesmo grupo exceda dos 500 metros e supere os 100 metros de equidistancia cos Grupos II, III e IV.

2.- A medición de distancias farase entre os dous puntos máis próximos da liña de propiedade de ambos establecementos.

Cando se trate de locais en edificios que teñan fachada a dúas ou máis rúas, a limitación por distancia entenderase referida a todas as fachadas.

3.- Quedan exentos do cumprimento das anteriores limitacións, aquelas actividades dos Grupos I ao IV que se desenvolvan no interior de edificios de uso exclusivamente comercial.

4.- No caso de que se solicite licenza para un local que por razón de distancia resulte incompatíbel con outro solicitado previamente, denegarase a petición, continuándose coa tramitación da presentada en primeiro lugar.

5.- A limitación por distancias non lles afectará ás actividades instaladas con anterioridade á promulgación desta ordenanza; porén nas actividades que teñan declarada a caducidade da licenza de apertura, para a súa reimplantación, rexerán as prescricións deste artigo.

## **Artigo 67. Medidas correctoras.**

Ademais das condicións citadas anteriormente, establécense, para cada un dos grupos nos que estea encadrada a actividade, as seguintes medidas correctoras referidas a teitos, cerramentos, sollados, piares e altofalantes que deberán de constar nos proxectos técnicos que se presenten.

1.- Teitos:

a) Reparación de calquera defecto do forxado que separe o local en estudo respecto da vivenda, incluso recebado deste con morteiro adecuado de polo menos 2 cm de espesor. Este acabado aplicaráselle a calquera tipo de local, sexa actividade clasificada ou inocua.

b) Os falsos teitos non deberán ir unidos rixidamente ao teito.

c) Nos falsos teitos evitanse as múltiples perforacións para a iluminación.

d) Evitarase todo tipo de unións ríxidas.

e) Empregarase material absorbente na cámara de aire entre ambos teitos.

f) Nas conducións de ventilación e aire acondicionado evitaranse retornos de aire por falsos teitos.

g) Non se instalarán os altosfalantes de forma que exista o contacto directo co forxado do local.

h) Suspenderase con amortecedores un falso teito illante de peso superficial comprendido entre 8 e 15 kg/m<sup>2</sup>. A distancia entre forxado e falso teito estará comprendida entre 15 e 20 cm, enchendo este espazo con material absorbente de densidade 35 - 69 kg/m<sup>3</sup>.

i) Os condutos da ventilación, climatización, iluminación, e/ou calquera outra instalación instalaranse no espazo comprendido entre o forxado e o falso teito, sempre que isto sexa posíbel.

l) No caso de que como consecuencia da aplicación das medidas correctoras previstas no epígrafe h) e i) o local incumpra outras condicións requiridas, como puidese ser as alturas mínimas recollidas no art. 59, o titular a través de estudo técnico acústico poderá propor outras medidas correctoras que obterán os mesmos obxectivos establecidos nos artigos 10 e 11 desta ordenanza.

## 2.- Cerramentos laterais e fachadas:

### 2.1. Cerramentos de fachadas ao exterior e á vía pública:

a) Nos locais de ocio do grupo III e IV, deben suprimirse as fiestras ou darlles un tratamento especial con cristal dobre ou triplo.

b) As portas para niveis de emisión de ruído maior ou igual a 80 dB (A) deben ser de dobre porta, con espazo intermedio entre ambas que actúe como cámara de control, que impida que as dúas portas estean abertas ao mesmo tempo. As portas disporán de peche automático e dispositivo antipánico de apertura manual.

c) En locais do grupo IV a porta debe ser de gran calidade acústica, non deixando pasar o ruído ao exterior.

### 2.2. Cerramentos de separación de locais adxacentes:

a) A magnitude do illamento estará en función dos niveis de ruído de fondo que se han de esixir no local receptor.

b) A partir dun nivel de emisión igual ou superior a 80 dB (A), é necesario dispor de paredes dobres de obra de fábrica, enchendo a cámara de aire con materiais absorbentes de densidade superior a 35 kg/m<sup>3</sup>.

## 3.- Sollados:

a) Co obxecto de evitar a transmisión directa que ocasionan os altosfalantes de baixos e os impactos de taconeo ou de baile, determínase a execución de chans flotantes nestes locais. É obrigatoria esta montaxe a partir de niveis de ruído de 90 dB (A).

b) O chan flotante debe estar constituído, como mínimo, por unha capa ríxida de formigón armado de 10 cm de espesor, e unha capa de material elástico: cortiza, aglomerado, paneis de fibra de vidro ou calquera outro de similares características.

## 4.- Piores:

Para niveis superiores a 90 dB (A) será necesario revestilos con varias capas de



materiais absorbentes e illantes, como o chumbo ou o aceiro.

5.- Altofalantes:

- a) Prohibirase localizar os altofalantes en lugares próximos a piares e paredes.
- b) Os altofalantes de son medio e agudo situaranse suspendidos mediante materiais elásticos, evitando as pontes acústicas.
- c) Os altofalantes de baixos deberán colocarse sobre un bloque de inercia fabricado cunha lousa de formigón de 7 a 10 cm de espesor, e sustentada esta sobre resortes metálicos de baixa frecuencia de resonancia.
- d) Empregaranse preferentemente altofalantes de pouca potencia, distribuídos homoxeneamente no teito e cun pequeno raio de acción. Está contraindicado o uso de altofalantes de grandes niveis de potencia acústica.
- e) En locais dos grupos III e IV con niveis maiores ou iguais a 90 dB (A), deberanse separar as zonas de ruído elevado e pistas de baile das zonas menos ruidosas.

6.- Outras condicións:

Deixarase un punto de inspección por cada 50 m<sup>2</sup> ou fracción, no que poder observar o illamento dos distintos cerramentos. Este punto será de características construtivas tales que impida a rotura do illamento acústico. Polo menos un dos rexistros do falso teito será de dimensións suficientes para permitir o acceso dunha persoa a este.

Cambre, 4 de xullo de 2005

O alcalde en funcións,

Asdo: Andrés R. López Arcay.

Reg. 8815-0



De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.